

Vigor da vehemencia

Despois de moitos anos de silencio literario en galego, Manuel Vilanova (Barbantes, 1944) visita outra vez a nosa lingua. E faino con *A esmeralda branca*, despois de ter transitado por dous libros en castelán, *El quinto cáliz* (1997) e *El corazón del pan* (2002), que se adentraban no territorio relixioso desde unha vertixinosa fondura e cun poderío poético verdadeiramente extraordinario. O poeta sentíase fascinado polo misterio do mundo e da palabra, consigo mesmo e coa fugacidade de todo o que o rodeaba.

En *A esmeralda branca* estamos diante dunha obra enormemente ambiciosa, como no seu día o foi *E direi-vos eu do mister das cobras* (1980). Máis de quíntentas páxinas, máis de quíntentos poemas así o subscriben. Esfuerzo hercúleo, enardecido ás veces, incadescente outras, sereno e apocalíptico, ciclópeo e misceláneo, así poderíamos definir os estilos que conflúen, como pequenos regatos, no estilo primeiro do autor: pincelada serena, mais non exenta da enerxía do asombro ante tanta soidade e comunión, dous pólos polos que oscila o orbe creado polo noso artista.

Como o lector pode deducir das miñas palabras anteriores, no interior deste vasto libro conviven momentos de fonda narrativa, sobre todo na recreación dun pasado mítico, onde parece que o autor explora fontes documentais moi antigas e onde, na metade do discurso cien-

Da soidade e da comunión




ROMÁN RAÑA

moreiro/berraba: “Eu sei quen son”.

Tamén localizamos frecuentes recorrencias verbais, personaxes que van e voltan, que desaparecen e reaparecen ao longo do poemario, como se o libro fose o escenario onde representasen un papel determinado, confuso aínda que non impreciso e tivesen que saír á palestra para defenderen o seu dis-

Outras ves o poeta invoca a natureza para que participe do que lle nace no peito, das súas emocións e pormenores: “Alma espida, pon calma no desexo,/as augas (murmurar de río) amenas”.

Numerosamente desfilan polos versos de Vilanova o río Miño, a terra de Barbantes, os lugares onde viaxou a súa alma, a Meiga, as referencias culturais (nomes de escritores, lugares mitolóxicos, definicións rebeldes á ortodoxia, linguaxe aparentemente científica ou erudita, mais cunha forte carga de burla refinada, fragmentos de novelas de cabalaría, de versos coñecidos e recoñecidos de poetas de todas as idades e latitudes), etc.



Non estraña, pois, que asistamos a un discurso poético múltiple, mais cun poderoso fio condutor: a personalidade artística do creador, que traballa a súa argamasa coa vella querenza dos ourives. Con todo, un libro non é un conxunto máis ou menos afortunado de poemas que teñen algo que os une. Tamén é un aura, un ton sentimental, unha pátina translúcida. E aquí, no medio do bosque verbal luxurioso, atopamos o vigor da vehemencia, o sabor insondável da existencia, o obstinado enigma do que somos, o tamaño do amor no sangue e nos aromas.

VILANOVA, Manuel, A Esmeralda branca, Libros da Frouma, Santiago, 2006, 525 páxinas

POETA SABE

TRABALLAR A

ARGAMASA DOS

SEUS VERSOS CON

AQUELA VELLA

QUERENZA DOS OURIVES

tífico ou académico, vai inserindo as gotas da loucura lírica, do esplendor visionario, da ironía cósmica: “E o terceiro cabaleiro orixinario foi aquel que cando a lúa/ daba trémulas brancuras no deserto na-

curso con uñas e dentes, coa paixón a flor de pel, inquilinos quiméricos do verso e do versículo.

Se ben a presenza do infinito, o fervor relixioso que empapaba outros textos, aquí ten un uso limitado e amortecido (moitas veces tecido polo amor), non podemos desdeñar a súa forza: “o outro lado do mundo do Espírito/non se sustenta a si mesmo/máis que cando sustenta a bendición/de todo iso que chamamos Deus/e endexamais logramos dicir.”